



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
27.12.2019

LUGAR: Liceo de Ourense – Rúa Valentín Lamas Carvajal, 5

DATA: 27.12.2019

HORA DE COMEZO: 12:30

HORA DE REMATE: 14:55

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Miguel Ángel Michinel Álvarez
D^a Raquel María Souto García
D. José María Martín Moreno
D. Daniel Couto Cancela
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D. Francisco Javier Casares Mouriño
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a María Elvira Larriba Leira
D^a Natalia Zunzunegui Garrido
D. Daniel Barata Quintas
D. César Blanco Gómez
D^a Marta Iglesias Bueno
D^a María Elena Añel Cabanelas
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D^a Rosa María Sánchez Gándara
D. Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a Yolanda López Fernández
D. José María Franco García
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Xoán Cebro Rodríguez
D^a Mercedes Castro Mouzo
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a María Gloria Blanco Rial

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O venres, 27 de decembro de 2019, ás 12:30 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (02.12.2019).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do Reitor.

Acordos e informes da Comisión Económica e propostas ao Pleno (reunión de 16 decembro 2019).

- 4.** Informe sobre o teito de gasto anual da UVigo para o exercicio orzamentario de 2020, consonte o disposto no Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril.
- 5.** Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2020.
- 6.** Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de equipos da empresa Keysight Technologies á UVigo, a proposta do Consello de Goberno.
- 7.** Informe sobre a oferta pública de emprego do Persoal de Administración e Servizos da UVigo para o ano 2019.
- 8.** Elección dun novo ámbito universitario para a realización dunha auditoría operativa sobre xestión de proxectos internacionais de cooperación e de investigación.
- 9.** Convenios asinados pola UVigo no mes de novembro de 2019.
- 10.** Informe previo que proceda para a creación da empresa Blue Structure, S.L., como EBT da Universidade de Vigo, autorización para a participación no seu capital social, e contraprestacións aplicables de ser o caso.
- 11.** Informe que proceda sobre o cambio de denominación da Facultade de Ciencias da Educación, no Campus de Ourense, consonte acordo do Consello de Goberno.
- 12.** Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para o organización en Pontevedra da IX edición de EDUGAL (Salón de educación e formación de Galicia), no mes de febreiro de 2020.
- 13.** Orzamento do Consello Social para o exercicio 2020.
- 14.** Aprobación, se procede, das liñas xerais do Plan de actuacións a desenvolver polo Consello Social en 2020.
- 15.** Manifesto en apoio das universidades públicas de Galicia. Acordo que proceda.
- 16.** Rogos e preguntas.

Abre a sesión o presidente para resaltar o marco no que se reúne o Pleno e para agradecer aos presentes a elevada asistencia. Comparece como invitado o director de Administración da UVigo, Rodrigo Cerviño, para informar de asuntos da súa responsabilidade, presenza que agradece tamén o presidente. Os membros reciben a publicación impresa e en USB da Memoria do Consello Social correspondente a 2018, así como unha axenda para 2020.



PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (02.12.2019).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Subliña Ernesto Pedrosa que a UVigo presenta ante o pleno do Consello Social o orzamento máis alto da súa historia, coa maior partida dedicada ao persoal, que mantén a senda positiva iniciada en 2011 e que fará inversións por 41 millóns en 2020. Destaca así mesmo que os investigadores captaron 18 millóns para proxectos, e apunta que esa interrelación entre a investigación e o sector produtivo "é o camiño" e que o coñecemento xerado está chegando á sociedade. Tamén, ao fío da presenza dunha doazón na Orde do día, valora a importancia do mecenado e o fundraising que achega recursos privados á universidade.

Resume que o orzamento amosa que a UVigo traballa con sentido colectivo, conectada aos intereses sociais, atenta a formación dos alumnos e á súa empregabilidade, "con certezas, estabilidade, prudencia, convicción e perspectiva". Recoñece que –pese a se desenvolver nun escenario demograficamente adverso, socialmente inquedo e academicamente xestante, cheo de expectativas e desexos que a veces confrontan– o Consello Social acompaña á universidade nesta dirección "porque é a correcta, con optimismo e sen temores nin necesidade de levantar muros defensivos".

Explica de seguido o orzamento e o Plan de actuacións do Consello Social para 2020 –"aberto a todas as suxerencias, indicacións ou propostas que estimen convenientes".

A continuación dá conta do nomeamento dos representantes do Consello Social nas comisións delegadas do Plan Estratéxico da UVigo: Elvira Larriba (Organización académica, titulacións e internacionalización); Manuel G. Piñeiro (Investigación, transferencia e cooperación internacional); e Jesús Graña (Infraestruturas, xestión, relación co entorno e sostibilidade). Dá conta da incorporación de M^a Elvira Larriba como membro da Comisión Económica do Consello Social, en substitución de Jorge Cebreiros; e dá a benvida a Rosa M^a Sánchez, en representación da CEO, e a Daniel Couto como representante dos alumnos.

Finalmente amosa un agradecemento especial a quen asistiron a todos os plenos durante 2019, "e aos que o intentaron pero se viron impedidos por causas insuperables e comprensibles", e pecha a intervención agradecendo a Javier Casares, como presidente do Liceo, a acollida neste histórico edificio ourensán e que acubillou aos grandes intelectuais e ilustrados de Galicia. "Nunca o Consello Social entrou tan verticalmente no corazón social", concluíu, chamando a facer honor "ao espírito libre, crítico e construtivo sobre o que se edificou a estrutura inmaterial desta magnífica construción". Resposta Javier Casares agradecendo a decisión de que o Consello Social se reúna nun edificio "que sempre estivo ligado á vida cultural e social de Ourense e Galicia". "É unha gran satisfacción acoller aquí á universidade", remata.

PUNTO 3

Informe do Reitor.

A excepción de asuntos referidos a ámbitos de xestión, como é o caso dun convenio ca Valedora do Pobo para crear premios de fin de Grao ou Máster ligados á Igualdade, ou unha reunión co BNG para falar de obxectivos de financiación pública, entre outros, Manuel Reigosa centra o seu informe en titulacións e cuestións académicas. Comenta a resistencia da Uvigo ao peche de titulacións de Grao que se están a producir en Santiago e Coruña e dá conta da xuntanza ca conselleira de Educación, na que se garantiu que o Máster de Aeroespacial impartirase na súa totalidade no Campus de Ourense, a onde se desprazarán algúns profesores da UDC; buscáronse fórmulas para desbloquear



o Grao en Deseño e Creación previsto en Pontevedra; deuse solución a catro titulacións con problemas por baixa matrícula, que se seguirán impartido ata que haxa alternativas; e avanza cara a formalizar un Grao aberto en cada Campus tan pronto se dea luz verde en Santiago.

PUNTO 4

Informe sobre o teito de gasto anual da UVigo para o exercicio orzamentario de 2020, consonte o disposto no Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril.

Introduce Daniel Barata este bloque de puntos, informados favorablemente pola Comisión que preside, dando cumprimento aos prazos establecidos. De seguido expón o vicerreitor de Economía, José M^a Martín Moreno, que o Real Decreto Lei que obriga a aprobar un teito de gasto non establece un método de cálculo, polo que se aplica o límite aprobado pola Xunta no Parlamento e que limita o crecemento a un 3,10%. Explica o resumen por capítulos de ingreso e gasto, e o cálculo que sitúa o teito de gasto para 2020 en 196.995.837 euros.

- ***O Pleno dá a conformidade.***

PUNTO 5

Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2020.

O vicerreitor Martín Moreno contextualiza os condicionantes económicos e legais do escenario orzamentario e as achegas á UVigo dos plans de financiamento universitario galego 2016-2020. Respecto da evolución da posición financeira da UVigo destaca o mantemento do equilibrio orzamentario dende 2012, a incentivación da captación de recursos en fontes inabituais para manter e incrementar a actividade, o cumprimento dos prazos legais para facer fronte aos pagamentos e o emprego do remanente de tesouraría para financiar pagamentos derivados dos gastos. Pormenoriza o orzamento de ingresos e gastos por capítulos e a súa incidencia no conxunto. Entre o vicerreitor e o director de Administración aclaran finalmente dúas consultas, feitas por Manuel González (sobre incidencia das matrículas nos ingresos) e por Juan Manuel Vieites (sobre a posibilidade de incrementos dos gastos financeiros).

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de equipos da empresa Keysight Technologies á UVigo, a proposta do Consello de Goberno.

Expón Rodrigo Cerviño as principais liñas das circunstancias, características e condicións da doazón, que se acompaña nesta sesión dun certificado da empresa indicando que a doazón está libre de cargas e gravames e non suporá ningún coste para a UVigo.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 7

Informe sobre a oferta pública de emprego do Personal de Administración e Servizos da UVigo para o ano 2019.

Intervén a xerente, Raquel Souto, para apuntar e documentar o contido da Oferta que suma 55 prazas para PAS funcionario e 25 para o laboral, reducindo a taxa de temporalidade na institución ata situarse por debaixo do 8%.

- ***O Pleno dáse por informado.***



PUNTO 8

Elección dun novo ámbito universitario para a realización dunha auditoría operativa sobre xestión de proxectos internacionais de cooperación e de investigación.

Dá conta o director de Administración, Rodrigo Cerviño, do acordo adoptado na Comisión Económica para encargar unha auditoría operativa que analice e obteña datos que permitan coñecer a estrutura, funcionamento e xustificación de proxectos internacionais de cooperación e de investigación, financiados con fondos europeos, noutras universidades españolas. Máis concretamente, e entre outras informacións, saber que unidades administrativas teñen para xestionar proxectos, de cantos efectivos dispoñen, se se dedican só a proxectos europeos ou a todos, se levan proxectos de cooperación educativa internacional, se teñen ferramentas de xestión propias e como funcionan, que volume de fondos manexan e se a xestión de proxectos está centralizada ou a desconcentran.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 9

Convenios asinados pola UVigo no mes de novembro de 2019.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 10

Informe previo que proceda para a creación da empresa Blue Structure, S.L., como EBT da Universidade de Vigo, autorización para a participación no seu capital social, e contraprestacións aplicables de ser o caso.

Resume o Reitor que o obxecto da investigación que se desexa explotar é crear estruturas sostibles e ecolóxicas no medio mariño, a partir dunha idea nacida na UVigo. A empresa xerará solucións de enxeñaría ecolóxica para afrontar o reto de adaptar as infraestruturas costeiras á economía azul.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 11

Informe que proceda sobre o cambio de denominación da Facultade de Ciencias da Educación, no Campus de Ourense, consonte acordo do Consello de Goberno.

Á vista da documentación explicativa que se achega, o acordo da Xunta de Centro e a argumentación que contén, así como as explicacións de Manuel Reigosa en apoio da proposta de cambiar a denominación "porque se trata dunha petición unánime para darlle visibilidade ao título de Grao en Traballo Social", os asistentes asenten.

- ***O Pleno emite informe favorable.***

PUNTO 12

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para o organización en Pontevedra da IX edición de EDUGAL (Salón de educación e formación de Galicia), no mes de febreiro de 2020.

Ernesto Pedrosa describe os aspectos destacados da iniciativa e xustifica a presenza deste asunto na Orde do día do Pleno -e non nunha Comisión de actividades e servizos, como é costume dada a présa polas datas de celebración. Propón o presidente que se lle asigne unha axuda de 2.500 €.

- ***O Pleno aproba a proposta.***



PUNTO 13

Orzamento do Consello Social para o exercicio 2020.

O presidente debulla as principais referencias xerais do documento que se achega. Manuel González fai unha consulta sobre o apartado de estudos e traballos técnicos á que responde o secretario.

- *O Pleno aproba o orzamento.*

PUNTO 14

Aprobación, se procede, das liñas xerais do Plan de actuacións a desenvolver polo Consello Social en 2020.

O presidente dá lectura a algún dos contidos recollidos no Plan elaborado pola Secretaría que se presenta, e invita aos presentes a facer as achegas que estimen oportunas para incorporalas ao documento se así se considerase.

- *O Pleno dá a súa aprobación.*

PUNTO 15

Manifesto en apoio das universidades públicas de Galicia. Acordo que proceda.

Ernesto Pedrosa abre este punto explicando que non se recibiron comentarios ao Manifesto, presentado no anterior pleno, en defensa das universidades públicas e de fortalecer o Sistema universitario galego (SUG), no que sinalan, entre outras afirmacións, que "non hai necesidade de novas universidades en Galicia"...."se ben entendemos que, cumprindo escrupulosamente a legalidade, se poidan implantar universidades privadas" na Comunidade. Da lectura á declaración integral do documento, que subscriben todos os membros presentes. Xulio Calviño congratúlase por acadar un consenso unánime co Manifesto, que tamén valora Emilio Zunzunegui, e o presidente agradece a aportación do Reitor neste senso.

De seguido da conta das cartas remitidas por catro conselleiros pedindo a inclusión na Orde do día desde pleno dun punto amosando o desacordo e censura aos presidentes dos Consellos Sociais de Galicia por ter votado no Consello galego de universidades (CGU) do luns 9 de decembro a favor da creación dunha universidade privada en Galicia. Aclara o presidente que o contido e a petición están fora das competencias do Consello Social e do recollido no seu Regulamento. Engade que non se debe confundir a opinión do presidente ca posición do Consello Social, e matiza que no CGU non se votou a aprobación da universidade privada senón a procedencia de continuar ou non a tramitación á vista dos escritos e documentos presentados. Puntualiza que a votación non era vinculante, e reitera que se trata dun asunto que é competencia da Xunta que no seu momento poderá debatelo politicamente e votalo como proxecto de lei no Parlamento. Afirma que no CGU está como representante designado a título persoal, declara a súa fonda implicación ca UVigo como presidente do Consello Social e proclama a convicción de ter actuado dende a máis absoluta defensa dos intereses da UVigo.

Manifesta Emilio Zunzunegui que no CGU deuse un voto discrepante entre reitores e presidentes, e pregunta a que se debe e como se explican as posicións contrarias. Argumenta Manuel Reigosa que o seu voto en contra debeuse á oferta de graos que se presentou, porque á vista dos nomes das titulacións podería haber duplicidades e colisións ca oferta que ten a UVigo, pondo como exemplo a titulación de ADE. Coincide no dito polo presidente en que o que se aprobou foi a tramitación dun informe e en que o voto non era vinculante. Neste mesmo argumento apoia Ernesto Pedrosa o seu voto favorable, precisando que nas titulacións é onde hai que estar máis atentos para que non haxa duplicidades.

Noutra intervención posterior Emilio Zunzunegui refire que existe un conflito social no que "é prioritario defender o SUG porque a universidade privada non aporta nada novo, "só prexudica"".



Considera que o presidente debería terse abtido –“cando menos”- e declárase incómodo polo que considera unha deslealdade despois dos seus esforzos por mediar no Consello Social respecto deste asunto “e para defender o común, o que esta iniciativa de Abanca non defende”.

Xosé Manuel Atanes afirma que “o dano xa está feito” e pronúnciase en contra da universidade privada “deste banco” porque vai en contra do interese xeral da sociedade galega e da UVigo, polo que se amosa partidario da reprobación a quen votaron a favor. Remata sinalando que o presidente do Consello Social debe defender os intereses da UVigo e non doutra, e pregúntase se ese voto emitíuse representando ao Consello Social ou foi forzado por poderes externos, ao que resposta Ernesto Pedrosa que esa alusión é unha opinión con claro rumbo político e que se identifica como independente.

Elena Añel reincide no feito de que os tres presidentes votasen a favor de seguir adiante, o que cualifica de “moi grave”. Considera rechamante e simbólico ese voto favorable sobre algo que non vai a beneficiar ás universidades públicas, e confésase preocupada pola información “escasa e escura” ata agora, e tamén pola interpretación que se faga da lei. Declara a súa posición pública a favor da universidade pública, “pero tamén en contra da privada”.

Manuel G. Piñeiro afirma non entender como o presidente puido votar a favor, e volta sobre a diferente percepción da súa postura e a do Reitor. Apunta que para un Consello Social dunha universidade pública “o público debe prevalecer, e as ideoloxías poden convivir”. Rexeita o que considera defensa de intereses privados.

Para Javier Garrido, o público reforzase coa competencia, polo que “a competencia sería boa para a universidade pública”. Pronuncia unha defensa do talante do presidente e da busca de consensos para evitar diverxencias dentro do Consello Social, e manifesta que se se presentase unha reprobación propoñería un respaldo implícito que acadaría unha clara maioría. Na mesma liña exprésase Elvira Larriba, que considera excesivo expor unha reprobación, ofrece o seu respaldo ao Reitor e felicita ao presidente por ter evitado a disensión interna. Tamén para Juan M. Vietes “reprobar non é oportuno”, porque “se a lei está a favor ¿como se pode dicir que non?”. Ao seu xuízo, Reitor e presidente ofreceron as explicacións oportunas e non ve deslealdades, “estamos todos no mesmo barco, para sumar”. Declárase a favor da colaboración entre o público e o privado e cingue o problema á oferta académica polo que é aí onde pide estar vixiantes. En similares termos maniféstase César Blanco para quen o debate foi bo, felicita ao presidente por permitilo e ve excesiva a reprobación. Remata sinalando que non se lle debe ter tanto medo á universidade privada, e que “a todos nos une a Uvigo”.

Natalia Zunzunegui valora as posturas sindicais neste asunto e a expresión das diferentes posturas que se manifestan, pero ve con “desgusto” que se pretenda a reprobación “porque politiza o debate”. Daniel Barata manifestase cunha argumentación na mesma liña pero máis vehemente en defensa da lexitimidade da universidade privada que se está a promover.

Daniel Couto percibe problemas de posibles duplicidades en algunhas titulacións propostas. Tamén lle preocupa a desinformación que puidera aparecer sobre a calidade do ámbito docente, e como afectará aos estudantes universitarios das públicas. Sobre o voto do presidente no CGU pregúntase que tería pasado e como se tería producido ese voto de ser vinculante?, e como dende un Consello Social pódese estar a favor dunha universidade privada que pode atacar o sistema universitario galego?.

Xulio Calviño pide de novo a palabra para significarse en contra da universidade privada en Galicia “pola desigualdade de oportunidades que crea”. Entende que as universidades xa teñen un abano de titulacións suficientemente amplo e que pouco máis cabe. Explica que non aceptou firmar a proposta de reprobación ao presidente porque nunca houbo problemas neste Consello Social e está dando resultados positivos, e avoga porque “hai que seguir xuntos”.

José María Franco expón que a obriga de cumprir a lei é unha garantía pero que a norma pódese interpretar de moitas maneiras. Pide máis documentación para poder analizala. Jesús Graña,



pola súa banda, aconsella que nestes debates se teñan presentes cales con as competencias e funcións dos Consellos Sociais.

Remata o Reitor declarando que a preocupación ante a universidade privada "é cero", porque "podemos competir cos mellores". Como resumo das intervencións extrae dúas liñas positivas: que o SUG si pode seguir garantindo igualdade de oportunidades, e que o Consello Social sae sen fracturas e traballando no mesmo senso; e agradece o apoio e o consenso na declaración a prol do sistema público universitario.

Pecha as intervencións Ernesto Pedrosa para agradecer as intervencións que contribuíron a un debate "enriquecedor e aberto". Desbota a existencia de presións e o cualificativo de desleal, e avoga por un bo presente e futuro do Consello Social "para que a UVigo sexa mellor cada día".

PUNTO 16

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:55 horas do 27 de decembro de 2019, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias